

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso da revisión do grao de dependencia

Expediente: G.6.Q/14443/17

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED]

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que solicitou a revisión do grao de dependencia a través dos servizos sociais do Concello de Vedra o 29 de xullo de 2016 e a día de hoxe non recibiu ningunha resposta. O 12 de febreiro denunciou a demora.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“... En data 20 de febreiro de 2009, [REDACTED], con DNI [REDACTED], formula solicitude de valoración de grao e nivel de dependencia. En data 17 de decembro de 2009 emítese resolución de grao recoñecéndolle un grao I nivel 1. En data 7 de outubro de 2014 achégase unha nova solicitude de valoración de dependencia. En data 22 de xaneiro de 2015 dítase resolución pola que se lle recoñece un grao I de dependencia. En data 7 de xuño de 2016 solicita unha nova valoración de grao por empeoramento, estando nestes momentos pendente de cita para valorala.

Os expedientes tramítanse por orde de entrada seguindo a orde de prelación establecida no artigo 26 do Decreto 15/2010 do 4 de febreiro, agás dos casos excepcionais previstos normativamente.

Á usuaria [REDACTED] correspóndelle a área de Santiago, unidade que, debido a circunstancias sobrevidas, está a sufrir retraso na fase de valoración, motivo polo que, a pesar do grande esforzo de cara a diminuír os tempos de valoración, o cumprimento da orde de prelación establecida fai que, inevitablemente, se atopen solicitantes á espera do citado trámite”.

ANÁLISE

1. A consellería recoñece que a pesar do tempo transcorrido dende a solicitude (de 29 de xullo, hai case un ano) segue sen resolverse sobre a revisión do grado de dependencia, polo que non ten nin a nova valoración derivada do empeoramento nin tampouco o servizo que poda corresponderse con esa valoración.

2. O Decreto 15/2010 conforma dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).

3. O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos (xa debera terse dado tanto a valoración como o PIA); as demoras prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria.

A consellería indica que os expedientes tramítanse por orde de entrada, agás dos casos excepcionais; e que á reclamante correspóndelle a área de Santiago, que debido a circunstancias sobrevidas -que non especifica- está a sufrir retraso na fase de valoración.

O feito de que a consellería respecte a orde obxectiva de entrada e que a área correspondente se vexa afectada por circunstancias que non concreta non xustifica o acusado retraso que tratamos.

4. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española (art. 49). Como consecuencia do anterior os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente de valoración e PIA de dependencia obxecto desta queixa, que se atopa demorado de acordo cos prazos previstos, e que evítense este tipo de demoras, que prexudican á reclamante e ao resto do afectados.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da valedora do pobo. Recórdolle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo